

BANDO

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Á vista da Resolución de 13 de marzo da Xunta de Galicia mediante a que se declara a SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA NO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, como consecuencia da evolución do coronavirus COVID-19 e á vista do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se aproba o ESTADO DE ALARMA en todo o territorio español durante un período de 15 días.

FAI SABER

Que, tendo en conta as limitacións e prohibicións establecidas pola Resolución da Xunta de Galicia e o Real Decreto mediante o que se aproba o Estado de Alarma, no que se contempla a limitación da circulación polas vías de uso público, podendo circular unicamente para a realización das actividades contempladas no artigo 7 do referido Real Decreto, non prevéndose a posibilidade de circulación para a realización de trámites administrativos, toda vez que se acorda a suspensión dos prazos administrativos e dos prazos de prescrición e caducidade.

Atendendo a que as medidas de peche de instalacións e demais medidas decretadas tanto pola Resolución da Xunta de Galicia de declaración de situación de emerxencia sanitaria como polo Real Decreto estatal mediante o que se declara o estado de alarma van encamiñadas á contención da propagación do virus, para actuar con carácter preventivo en aras de garantir a saúde pública, intentando evitar o maior número de movementos e desprazamentos, co fin de que a poboación se manteña nas súas vivendas e deste xeito reducir ao máximo o número de contaxios.

Tendo en conta que o Real Decreto estatal suspende os prazos administrativos e procesuais, así como os prazos de prescrición e caducidade, o que conleva que os cidadáns non teñan a necesidade de acudir presencialmente a oficinas administrativas.

Resultando que este Concello non foi alleo á situación de emerxencia sanitaria, e en aras a prever a seguridade dos veciños e veciñas ditou unha resolución en data 13 de marzo mediante a que se acordaba o peche de instalacións e suspensión de actividades culturais e deportivas municipais. Ao respecto dos empregados municipais, en reunión mantida co Comité de Empresa e delegados de persoal nesa mesma data acordouse establecer un protocolo de actuación a aplicar a partir do vindeiro luns, mantendo a todos os empregados de forma presencial nos seus postos de traballo e atendendo nas dependencias administrativas unicamente mediante cita previa. Con todo, unha vez decretado o estado de alarma, esta Administración Local, nun exercizo de responsabilidade, debe adoptar novas medidas en aras a intentar minimizar ao máximo os contactos entre persoas co fin de preservar a seguridade e saúde pública para intentar evitar a produción de contaxios, tanto entre os empregados municipais como entre toda a poboación. Enténdese que debe atribuírse, en todo caso, un carácter preponderante ás esixencias ligadas á saúde pública, adoptando medidas de protección e contención temporais, e mantendo en todo caso os servizos municipais de carácter prioritario.

Dende este Concello somos conscientes dos prexuízos que se poden ocasionar á cidadanía coa suspensión de determinados servizos, trátase de decisións difíciles, pero consideramos que a situación actual é o suficientemente extraordinaria como para xustificar que se prime a seguridade pública sobre a prestación de servizos non esenciais, debendo ser a administración, en cada ámbito competencial, o primeiro organismo que dea exemplo e extreme as medidas para evitar a propagación da enfermidade.

Por parte desta Alcaldía adoptáronse as seguintes medidas excepcionais e de prevencións durante o período de duración do Estado de Alarma:



I.- **Manter as medidas adoptadas na Resolución desta Alcaldía en data 13 de marzo de 2020.**

II.- **Acordar o peche da totalidade das instalacións municipais, a excepción da Praza de Abastos e do Matadoiro Municipal.** Nestas instalacións deberán reforzarse as medidas de hixiene e demais medidas preventivas.

III.- **Manter os servizos públicos esenciais de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbáns, así como o de abastecemento domiciliario de auga potable e sumidoiros.**

IV.- **Suspender a actividade administrativa presencial que se ven desenvolvendo nos edificios públicos pertencentes a este Concello. Os servizos administrativos realizaranse polos empregados municipais, sempre que resulte posible tecnicamente, dende os seus domicilios, mediante o uso da plataforma de administración e xestión electrónica municipal. Non obstante os empregados municipais acudirán de forma puntual ás instalacións para poder recoller información que lles resulte necesaria para a realización das súas tarefas. Manterase diariamente de luns a venres a recollida na oficina de correos da correspondencia oficial dirixida a este Concello así como o seu rexistro diario; para isto os empregados encargados destas funcións acudirán á Casa do Concello unicamente polo tempo estritamente necesario. O servizo de informática queda suxeito ás necesidades de cumprimentación de trámites ou execución de actuacións urxentes e imprescindibles.**

V.- **Suspender a actividade dos servizos de obras e xardinería. Tanto estes servizos como os servizos administrativos deberán permanecer operativos e dispoñibles durante a xornada laboral para acudir aos seus postos de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. A estes efectos todos os traballadores municipais deberán estar localizables.**

VI.- **Autorizar a todos empregados municipais, sen prexuízo das excepcións recollidas no presente Decreto, como deber inescusable, a permanecer nos seus domicilios durante o período de duración do estado de alarma, debendo cumprir estritamente as medidas de prohibición de circulación establecidas no mesmo, e coa obriga de acudir aos seus centros de traballo no suposto de seren requiridos ante situacións de urxencia ou necesidades inaprazables. Os empregados municipais con funcións vinculadas aos servizos administrativos, sempre que resulte posible tecnicamente, realizarán o desempeño das súas funcións dende os seus domicilios.**

VII.- **Co fin de manter o servizo da Praza de Abastos, o empregado municipal que presta os seus servizos nestas instalacións seguirá desenvolvendo a súa xornada laboral habitual, adoptando en todo caso as medidas de seguridade e preventivas necesarias, e séndolle facilitado por este Concello o material de seguridade necesario para o desempeño das súas funcións.**

VIII.- **Os empregados municipais encargados do mantemento da piscina deberán acudir ao seu centro de traballo diariamente, en quendas, única e exclusivamente durante o tempo necesario para realizar as labores de mantemento diarias necesarias, adoptando en todo caso as medidas de seguridade e preventivas necesarias, e séndolles facilitado por este Concello o material de seguridade necesario para o desempeño das súas funcións.**

IX.- **Os conserxes que prestan os seus servizos nos colexios deberán acudir aos seus postos de traballo única e exclusivamente durante a necesidade de apertura dos centros en función das directrices neste sentido da Dirección de cada centro, Consellería de Educación ou directrices estatais, adoptando en todo caso as medidas de seguridade e preventivas necesarias, e séndolles facilitado por este Concello o material de seguridade necesario para o desempeño das súas funcións.**

X.- **Habílitase, para calquera **consulta** que sexa preciso realizar durante este período con carácter **urxente**, o seguinte número de teléfono:**



982570909.

Os veciños e veciñas, no suposto de **necesidades urxentes e inaprazables**, poderán contactar co Concello no número de teléfono referido.

Manteranse operativos igualmente os números de teléfono da Policía Local e Protección Civil

Policía Local: 985562922

Protección Civil: 982570909

Lémbrese que para calquera tramitación administrativa poderá empregarse a sede electrónica municipal, mediante o seguinte percorrido: entrando na web “www.viveiro.es”, clicando posteriormente en “concello dixital” e clicando finalmente en “sede electrónica”.

XI.- En consecuencia coas determinacións do Real Decreto de estado de alarma a Policía Local e Protección Civil manterán os seus servizos atendendo ás directrices que nese sentido se establezan dende os organismos competentes, adoptando en todo caso as medidas de seguridade e preventivas necesarias, e séndolles facilitado por este Concello o material de seguridade necesario para o desempeño das súas funcións.

XII.- Suspéndense os servizos de transporte prestados por este Concello, toda vez que os servizos de transporte que se viñan prestando estaban dirixidos á poboación maior do rural para o seu traslado ao mercado semanal, que se atopa suspendido, así como aos estudantes de formación profesional ou bacharelato nalgunha modalidade específica, servizo que tamén se atopa suspendido. A suspensión do mercado e dos servizos educativos conleva consecuentemente a suspensión da prestación destes servizos de transporte municipais dirixidos única e exclusivamente a ditos colectivos.

XIII.- O prazo de vixencia destas medidas coincidirá co período de vixencia do estado de alarma. Con todo será sometido á revisión necesaria de acordo coa evolución da situación.

XIV.- Estas medidas complementan as adoptadas na Resolución da Xunta de Galicia pola que se decreta a situación de emerxencia sanitaria e no Real Decreto polo que se decreta o estado de alarma, que son na súa totalidade de obrigado cumprimento para o conxunto da cidadanía, apelando dende esta administración á colaboración e responsabilidade de cada un dos veciños e veciñas de Viveiro, xa que se trata de adoptar actitudes responsables para intentar evitar contaxios, apelando así mesmo á comprensión das molestias que estas medidas poidan ocasionar na vida diaria dos cidadáns.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.: María Loureiro García.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

